



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO SUD 9/10, ESTRADA DE VIGO-CHOUCIÑOS, NO CONCELLO DE SANTIAGO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Santiago de Compostela
Expediente: 2020AAE2489

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O concello de Santiago de Compostela conta cun plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente por ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 03/10/2007 e do 01/09/2008.
2. O 13.10.2020 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Santiago de Compostela no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños, Santiago de Compostela". Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento. Posteriormente, completouse a cartografía o día 01.02.2021.
3. O 02.02.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de dous meses, formulasen as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia introduce varios cambios na regulación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica de plans cuxa avaliación é de competencia autonómica.
3. O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
4. A LSG establece tamén que antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses.





A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación puntual do PXOM

Ámbito de actuación: sector de solo urbanizable SUD 9/10, situado no extremo suroeste da cidade de Santiago de Compostela, na zona de confluencia das parroquias de Vidán e Santiago.

Superficie: 18,23 ha (no PXOM 18,36 ha)

Obxecto: adaptar as determinacións do PXOM a dúas circunstancias acaecidas con posterioridade á súa aprobación que inciden no ámbito do sector de solo urbanizable SUD 9/10. Por unha banda, acatar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia¹ e, por outra, incorporar o trazado aprobado definitivamente do Camiño Portugués² ás previsións para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable.

Proposta:

- Modificar a delimitación do sector de solo urbanizable SUD 9/10 para excluír as parcelas obxecto da mencionada sentenza (parcelas catastrais 5864503NH3456D0000WP -en parte- e 5864504NH3456D0001SA), clasificando os terreos afectados como solo urbano consolidado e mantendo a súa cualificación como sistema viario. De xeito indirecto, a execución da sentenza implica tamén revisar as determinacións do artigo 67 da normativa do PXOM (regula o desenvolvemento do sector SUD 9/10) e ordenar pormenorizadamente a peza de solo urbano resultante para garantir a súa integración no tecido urbano.



Ámbito de actuación e Camiño Portugués

1 Senteza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), ditada no procedemento ordinario 4761/2007 (EJD 4037/2019).

2 Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.





- Integrar o trazado definitivo do Camiño Portugués na ordenación do sector mediante novas determinacións para o seu desenvolvemento:
 - Liberando solo e diversificando e flexibilizando os usos: suprimese a previsión de vivenda unifamiliar no ámbito e derivase a dita edificabilidade á tipoloxía de edificio terciario en uso exclusivo e outras tipoloxías como a de equipamento privado de carácter lucrativo, elimínase tamén a tolerancia establecida para o uso industrial tipo escaparate así como a a limitación de densidade máxima de vivendas (33 viv/ha);
 - Racionalizando o sistema viario: minimízase a creación de novo viario ao interior do sector SUD 9/10 e céntrase o esforzo en racionalizar, ampliar e mellorar o viario existente que bordea ou atravesa o ámbito;
 - Incorporando o trazado do Camiño Portugués ao sistema local de zonas verdes públicas.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O sector urbanizable SU9/10 sitúase ao suroeste da cidade de Santiago de Compostela, nunha zona de transición entre a trama urbana, o barrio de Santa Marta e unha zona parcialmente urbanizada, froito da expansión da cidade. O hospital ao norte e o viario periférico ao suroeste son os elementos máis relevantes na contorna.

A traza do Camiño de Santiago Portugués aprobada definitivamente no ano 2013 atravesa o sector. Asemade, dentro do ámbito hai dous xacementos arqueolóxicos catalogados: o Castriño de Conxo (GA15078041) mais o Petróglifo do Castriño de Conxo (GA15078084).

A maiores dos elementos de valor cultural que concorren no ámbito, non se identifican outros valores ambientais nin riscos que poidan afectar ao planeamento proposto.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do planeamento as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achéganse os textos íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

- Corrixirase a delimitación dos xacementos Castriño de Conxo (GA15078041) e petróglifo do Castriño de Conxo (GA15078084), segundo a delimitación recollida nas fichas do PXOM.
- A normativa da MP deberá incluír un réxime específico de protección, tanto para o Camiño de Santiago Portugués como para os xacementos arqueolóxicos e as súas zonas de protección, ou ben remitir á normativa do Plan xeral vixente.





- A proposta deberá garantir o paso seguro dos peregrinos, incorporando aspectos específicos á nova ordenación e integrándoos na urbanización do sector. Estudaranse os trazados, a accesibilidade, así como os materiais máis axeitados para este propósito.

Instituto de Estudos do Territorio

Informa que a modificación non terá efectos significativos sobre a paisaxe. Non entanto, deberá incorporar un estudo da paisaxe, concretando a congruencia das súas disposicións co carácter e a morfoloxía das paisaxes afectadas, en atención ás características do viario e aos elementos construídos que o delimitan.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación puntual do PXOM de Santiago preténdese adaptar as determinacións establecidas para o desenvolvemento do sector urbanizable SUB 9/10 a unha sentenza xudicial e á delimitación do Camiño Portugués.

A modificación non establece un marco para a futura autorización de proxectos sometidos a avaliación ambiental, nin inflúe noutros plans ou programas.

A proposta non terá efectos significativos na paisaxe urbana, e mesmo pode favorecer a integración das fachadas traseiras da rúa Volta do Castro mediante o seu adecuado tratamento. Porén, atendendo ao esixido polo Regulamento da Lei de paisaxe de Galicia, é preciso realizar un estudo da paisaxe proporcionado ao alcance da modificación e específico (directriz de paisaxe DX.03).

A consideración da traza do Camiño Portugués -aprobada xa definitivamente- na ordenación do sector é unha esixencia da Lei 5/2010 do patrimonio cultural de Galicia, e a súa integración no sistema de zonas verdes é unha medida axeitada. En todo caso, cómpre valorar a necesidade de establecer medidas específicas para integrar na ordenación e na urbanización do sector para garantir o paso seguro dos peregrinos (trazados, accesibilidade, materiais,...).

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos como consecuencia da modificación do planeamento.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños", no concello de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental e Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “*Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños*”, no concello de Santiago de Compostela.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello de Santiago xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado de seis anos.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación puntual do PXOM.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 21/04/2021 15:28:43

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 20/04/2021 15:45:17

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 22/04/2021 19:58:44





INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) NO ÁMBITO DO SUD 9/10, ESTRADA DE VIGO-CHOUCIÑOS, PARA OS EFECTOS DO TRÁMITE DE CONSULTAS PREVISTO NO ARTIGO 60.4 DA LEI DO SOLO DE GALICIA.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCASC) somete a consultas desta Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) a modificación puntual referida, en virtude do artigo 60.4, en relación co 83.5, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e do artigo 144.4 en relación co 200.5 do seu regulamento aprobado por Decreto 143/2016 (RLSG).

Logo de analizar a documentación de data setembro de 2020, redactada pola arquitecta-xefe da Sección de Planeamento municipal María Esther Sánchez Espiñeira; e, vista a proposta da Subdirección Xeral de Urbanismo, emítese o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Santiago de Compostela conta cun Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente por ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de datas 03/10/2007 e 01/09/2008.
2. O órgano ambiental someteu esta modificación a consultas da SXOTU por resolución de data 2/02/2021. A documentación sobre a que se consulta está constituída por:
 - a) *Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10 , estrada de Vigo-Chouciños. Borrador do plan.*
 - b) *Documento ambiental estratéxico relativo á modificación.*

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

1. A modificación puntual ten por obxecto adaptar as determinacións do plan xeral a dúas circunstancias acaecidas tras a súa aprobación e que inciden no ámbito do sector de solo urbanizable SUD 9/10:
 - A sentenza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditada no procedemento ordinario 4761/2007 (EJD 4037/2019), que sentencia que o extremo norleste (unha media rotonda pendente de execución) do sector SUB 9/10 debe ter a consideración de solo urbano consolidado.
 - A aprobación definitiva do trazado do Camiño Portugués polo Consello da Xunta de Galicia (Decreto 154/2013, do 5 de setembro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 184 do 26/09/2013), que afecta á parte máis ao leste do sector SUD 9/10.

A modificación non se limita á clasificación dos terreos afectados pola sentenza como solo urbano ou á simple superposición do trazado do Camiño Portugués sobre os planos de ordenación do sector SUD 9/10, senón que analiza as consecuencias das novas determinacións sobre as previsións do PXOM vixente, e propón as medidas e axustes necesarios que garantan a coherencia da ordenación no seu conxunto.





2. De forma detallada, as alteracións propostas son as seguintes:

- a) Clasificación da media rotonda do sector SUD 9/10 pendente de execución como solo urbano consolidado, de obtención e execución con cargo ao concello.
- b) Alteración da ordenación detallada da parcela privada estremeira á rotonda, que pasa de ordenanza 3 (edificación en liña de B+3) a bloque illado de B+4, aliñado cos bloques contiguos, garantindo que na futura ordenación do SUD 9/10 non aparezan medianeiras e traseiras vistas, que resultarían visibles desde o contorno inmediato e, particularmente, desde o Camiño Portugués.
- c) Alteración das determinacións do SUD 9/10 para acadar maior compactación da edificación, eliminando as tipoloxías máis consumidoras de solo; racionalización do viario e integración do Camiño Portugués no sistema local de zonas verdes.

Así, elimínanse o uso de vivenda unifamiliar e o de industria escaparate e inclúese o uso de equipamento privado, que xunto ao terciario pode acadar ata o 50% da edificabilidade; e elimínase o límite de densidade de 33 vivendas/ha e a esixencia de que as zonas verdes de sistema local acaden o 20% da superficie do sector.

Na cartografía (follas G28, G29 e, sobre todo, H29 do plano de ordenación do plan xeral) intégrase o camiño e desaparecen a maior parte dos trazados interiores do sector.

III. **INFORME**

1. Razóns de interese público da modificación.

O cumprimento dunha sentenza xudicial e o axuste da ordenación á nova delimitación do Camiño Portugués de Santiago teñen acollida como razóns de interese público aos efectos da formulación da modificación (artigo 83.1 da LSG).

2. Outros aspectos da modificación.

- a) O proxecto de modificación que se elabore para a súa tramitación cumprirá as disposicións aplicables da LSG, do RLSG e das normas técnicas de planeamento aprobadas por Orde desta consellería do 10/10/2019.
- b) A modificación establecerá a cualificación urbanística aplicable ao ámbito de solo urbano consolidado cuxa ordenación se altera e no que se prevé edificación.

3. Tramitación da modificación.

A modificación deberá ser tramitada seguindo o sinalado no artigo 60 da LSG e o artigo 144 do RLSG.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo,

Mª Encarnación Rivas Díaz





Expediente IET: P-21-076

Plan ou programa: Modificación puntual do PXOM
no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños
Concello: Santiago de Compostela (A Coruña)
Promotor: concello de Santiago
Expediente DXCASC: 2020AAE2489

CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

De acordo co artigo 30.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 39.1 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), con data do 03/02/2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o borrador e o documento ambiental estratéxico da Modificación puntual do PXOM de Santiago de Compostela no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe. Emítese de acordo co que para tal efecto establece o artigo 39.2 do Regulamento da Lei 7/2008.

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

2. Descrición do plan e contido da documentación:

A modificación puntual ten por obxecto modificar a delimitación do sector urbanizable SUD 9/10, Estrada de Vigo-Chouchiños pola seguintes circunstancias:

- En cumprimento dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, excluíranse do sector urbanizable delimitado e clasifícanse como solo urbano consolidado as parcelas referidas na sentenza, mantendo a cualificación como sistema viario e alterando a ordenación da zona residencial contigua.
- Incorpórase ao planeamento o trazado do Camiño Portugués que foi definitivamente aprobado pola Xunta de Galicia (Decreto 154/2013), que discorre polo ámbito do sector SUD 9/10.

O borrador inclúe un apartado moi xenérico de paisaxe onde que describe a compoñente paisaxística da modificación.

3. Características da paisaxe afectada polo plan:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o ámbito localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística de Terra de Santiago-A Barcala.



O sector enmárcase ao suroeste do núcleo urbano de Santiago de Compostela, nunha zona de transición entre a trama urbana que se desenvolveu nos últimos anos, en paralelo á rúa da Choupana e a rúa de Santa Marta, e unha zona que actualmente atópase parcialmente urbanizada, froito da expansión da cidade. O ámbito atópase enmarcado pola presenza de grandes infraestruturas que definen os seus límites como o hospital situado ao norte e no suroeste a avenida de Xosé Filgueira Valverde, por onde descorre o periférico.

4. Análise da incidencia da modificación sobre a paisaxe:

Dadas as finalidades que persegue e o seu alcance, a modificación non producirá efectos significativos sobre a paisaxe.

5. Conclusión:

Non se formula ningunha obxección sobre a Modificación puntual do PXOM de Santiago de Compostela no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños.

Con todo, de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, a modificación deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado ao alcance daquela e específico para o lugar (directriz de paisaxe DX.03). Neste caso, o obxecto do estudo será concretar a congruencia das disposicións da modificación co carácter e a morfoloxía das paisaxes afectadas, en atención ás características do viario e os elementos construídos que o delimitan.

Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 e o artigo 41.1 do Regulamento da Lei 7/2008, tras a súa aprobación inicial, este deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)





OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO ÁMBITO DO SUD 9/10, ESTRADA DE VIGO- CHOUCIÑOS, SANTIAGO DE COMPOSTELA

<u>Trámite:</u>	Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
<u>Documento:</u>	Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) da <i>Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños, Santiago de Compostela</i>
<u>Ámbito:</u>	SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños
<u>Autor:</u>	Servizo de planeamento e xestión urbanística do concello de Santiago de Compostela
<u>Promotor:</u>	Concello de Santiago de Compostela
<u>Data da solicitude:</u>	03.02.2021
<u>Código web:</u>	2390/2021
<u>Expediente:</u>	2021/1520

MARCO LEGAL

O planeamento vixente no concello de Santiago de Compostela é o Plan xeral de ordenación municipal (en diante PXOM), aprobado definitivamente o 03.10.2007.

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia
- Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Decreto 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

INTRODUCCIÓN

En virtude do previsto no artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), o 02.02.2021 acórdase pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático “*Someter a consulta pública na web deste órgano ambiental por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños, Santiago de Compostela.*”. De acordo co artigo 5 da LAA, enténdese por “administracións públicas afectadas” as que teñen competencias nunha serie de materias entre as que se inclúen os bens materiais e o patrimonio cultural.

Asemade o 03.02.2021 recíbese nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (en diante DXPC), remitida polo Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, a solicitude das observacións e suxestións relativas ao patrimonio cultural que se estimen convenientes. A consulta xustifícase en que “*A modificación puntual incorpora o trazado do Camiño Portugués, no tramo que discorre polo sector.*”.

No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. O artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG) establece que todos os





plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural. En base á dita competencia fórmulanse as seguintes observacións e suxestións á *Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños, Santiago de Compostela*:

1. Obxecto do expediente

O OBXECTO da Modificación puntual (en diante MP) do PXOM de Santiago de Compostela co obxecto adaptar as súas determinacións a dúas circunstancias acaecidas con posterioridade á aprobación do PXOM e que inciden no ámbito do sector de solo urbanizable SUD 9/10:

- Á sentenza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), ditada no procedemento ordinario 4761/2007 (EJD 4037/2019), que se refire á clasificación da parcela obxecto da demanda (hoxe con referencias catastrais 5864503NH3456D0000WP e 5864504NH3456D0001SA) como solo urbano consolidado.
- Á aprobación definitiva do trazado do Camiño Portugués polo Consello da Xunta de Galicia (Decreto 154/2013, do 5 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia número 184 do 26 de setembro de 2013)

Para dar cumprimento ao contido da sentenza, cómpre modificar as determinacións do PXOM nos seguintes aspectos:

- Modificar a delimitación do ámbito do sector de solo urbanizable SUD 9/10, excluindo as parcelas obxecto da sentenza.
- Reflectir a clasificación das parcelas afectadas como solo urbano consolidado, mantendo a súa cualificación como sistema viario.

De xeito indirecto, a execución da sentenza implica tamén o seguinte:

- Analizar e revisar as determinacións do artigo 67 do PXOM, que regula o desenvolvemento do sector SUD 9/10, de xeito que quede garantida a coherencia e equilibrio da actuación, unha vez excluídos parte dos terreos do ámbito do sector e da correspondente área de reparto.
- Establecer o modo de obtención dos terreos necesarios para a execución da glorieta. A exclusión dos terreos do sector SUD 9/10 invalida a previsión do PXOM, que establecía a súa cesión obrigatoria e gratuíta no proceso de equidistribución do sector.
- Ordenar pormenorizadamente a peza de solo urbano resultante, garantindo a súa axeitada integración na trama urbana.


2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

O ámbito da MP está afectado polo Camiño de Santiago Portugués e, ademais, hai dous xacementos situados ao suroeste do SUD 9/10 que están catalogados no PXOM: GA15078041 e GA15078084.


Os Camiños de Santiago regúlanse no Título VI da LPCG. O Camiño de Santiago Portugués, afecta ao sector da MP e a súa delimitación conta con aprobación definitiva.

Os xacementos Castriño de Conxo (GA15078041) e petróglifo do Castriño de Conxo (GA15078084) forman parte do Catálogo do PXOM e deberán incorporarse ao documento e terse en consideración á hora de pensar a nova ordenación.

A delimitación destes xacementos nos planos da MP non se axusta á delimitación recollida nas fichas do PXOM. Achéganse estas fichas no anexo deste informe.



Delimitación dos xacementos no Borrador da MP



Delimitación no PXOM





3. Medidas protectoras e correctoras

- a. Corrixirase a delimitación dos xacementos Castriño de Conxo (GA15078041) e petróglifo do Castriño de Conxo (GA15078084) segundo a delimitación recollida nas fichas do PXOM.
- b. A normativa da MP deberá incluír un réxime específico de protección tanto para o Camiño de Santiago Portugués como para os xacementos arqueolóxicos e as súas zonas de protección, ou ben remitir á normativa do plan xeral vi-xente.

Ademais, deberase incorporar á normativa, o réxime de autorizacións, facendo especial fincapé en que o artigo 34.1 da LPCG esixe que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento ru-ral ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patri-monio cultural [...]. Ademais, o artigo 39.1 da mesma lei, establece que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

- c. A ordenación proposta incorpora un estudo exhaustivo do tráfico rodado. Deberase estudar de igual maneira o tráfi-co peonil, especialmente o paso dos peregrinos de xeito que se asegure o seu paso seguro e cómodo. Garantirase en todo momento a seguridade dos peregrinos, incorporando aspectos específicos á nova ordenación e integrándoos na urbanización do sector. Estudaranse os trazados, a accesibilidade, así como os materiais máis axeitados para este propósito.

CONCLUSIÓN

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións na *Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10, estrada de Vigo-Chouciños, Santiago de Compostela*.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación puntual, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellaría previsto no artigo 34 da LPCG.

Santiago de Compostela, no día asinado dixitalmente


A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua
(asinado dixitalmente á marxe)





ANEXO. Fichas dos xacementos Castriño de Conxo (GA15078041) e petróglifo do Castriño de Conxo (GA15078084) segundo o PXOM.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS	
ARQUEOLOXÍA CÓDIGO/Nº EN RANCO: GA15078084 DENOMINACIÓN: PETROGLIFO DO CASTRIÑO DE CONXO LUGAR: A VOITA DO CASTRO PARCOURIA: CONXO TIPOLOXÍA: GRAVADO AO AR LIBRE ADSCRIPCIÓN CULTURAL: IDADE DO BRONCE GRADO DE PROTECCIÓN: 1 PROTECCIÓN UTM: X-535 476 Y-4.746.204 SUD9 10 CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES	
Altitude: 215 m. s.n.m.	
CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO Emprazamento topográfico: Campo de cultivo. Utilización do entorno: Actividades agropecuarias, lineais, redes de infraestruturas urbanas (sanitarias, ...) e núcleos urbanos.	
ESTADO ACTUAL Vexetación: Lígnea e máis herba. Destrucción e alteración: Malia o camamento do aramo que soporta na alia beira sur-este, non son apreciábeis. Tipo de propiedade: Privada.	
DESCRIPCIÓN Súase sobre un afloramento granítico con pouco desenvolvemento en altura, poucas dimensións aproximadas de 6,70 m. (norte-sur) e 5 m. (leste-oeste). O petróglifo está situado nunha zona de cultivo, a un nivel de 215 m. s.n.m. e a 170 m. (leste-oeste). Con sección transversal de 12 m. de ancho. Un, constituído por oito motivos circulares concéntricos simples, o primeiro, anal conchítico con cazolela central; o segundo, con tres aneis e cazolela central; o terceiro, con dous aneis e cazolela central; o cuarto, anal conchítico con cazolela central; o quinto, anal conchítico con cazolela central; o sexto, con tres aneis, cazolela central e dous aneis sobre os seus aneis; o sétimo, con dous aneis e cazolela central; e o oitavo, con tres aneis, cazolela central e dous aneis sobre os seus aneis. Ouro, configurado por catro motivos integrados por dúas cazolelas unidas por un trazo rectilíneo.	
XUNTA DE GALICIA Aprobado parcialmente cos acordos e nos termos establecidos pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. de data: 03 OUT. 2007 O xefe do servizo de Regestración Urbanística Rafael María Gómez Pardo	

296 de 401

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS	
ARQUEOLOXÍA CÓDIGO/Nº EN RANCO: GA15078041	
	

211 de 401





CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARGUELOXIA
CÓDIGO/Nº EN PLANO: **GA15078084**
DENOMINACIÓN: **PETROGLIFO DO CASTRINO DE CONKO**
LUGAR: **A VOITA DO CASTRO**
PARROQUIA: **CONKO**
TIPOLOXÍA: **GRAVADO AO AR LIBRE**
DESCRIPCIÓN CULTURAL: **1**
GRADO DE PROTECCIÓN: **X-533.476 Y-4.746.204**
PROXECTUO LUTM: **SUD 9/10**
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA: **SISTEMA XERAL DE ESPACIOS LIBRES**

Altitude: 215 m. s.n.m.
CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO
Emprazamento topográfico: Camiño de exilio. Utilización do entorno: Actividades agropecuarias, forestais, redes de infraestruturas urbanas (sanitarias, ...) e núcleo urbano.
ESTADO ACTUAL
Vexetación: Lixureira e máis herbais.
Destruccións e alteracións: Malia o ornamento da estrada que soporta na súa beira sur-este, non son apreciables.
DESCRIPCIÓN
Trácese sobre un afloramento granítico con pouco desenvolvemento en altura, curvas dimensionais aproximadas de 6,70 m. (norte-sur) e 5 m. (leste-oeste).
Con sección transversal de sucos en "V", o conxunto está formado por dúas series.
Un conxunto por oito motivos circulares concéntricos simples, o primeiro, anal concéntrico con casaleira central, o segundo, con tres aneis e casaleira central, o terceiro, con tres aneis e casaleira central, o cuarto, anal concéntrico con casaleira central, o quinto, anal concéntrico con casaleira central, o sexto, con tres aneis e casaleira central e dúas máis sobre os seus aneis, o sétimo, con dous aneis e casaleira central, e o oitavo, con tres aneis, casaleira central e radio en dirección sur.
Outro, configurado por catro motivos integrados por dúas casaleiras unidas por un trazo rectilíneo.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado por unanimidade coas condicións e nos termos establecidos pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
de data **03 OUT. 2007**
O xefe do servizo de Patrimonio Urbanístico
Rafael Fariña Gómez Rielo

296 de 401

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS

ARGUELOXIA
CÓDIGO/Nº EN PLANO: **GA15078084**

Altitude: 215 m. s.n.m.
CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO
Emprazamento topográfico: Camiño de exilio. Utilización do entorno: Actividades agropecuarias, forestais, redes de infraestruturas urbanas (sanitarias, ...) e núcleo urbano.
ESTADO ACTUAL
Vexetación: Lixureira e máis herbais.
Destruccións e alteracións: Malia o ornamento da estrada que soporta na súa beira sur-este, non son apreciables.
DESCRIPCIÓN
Trácese sobre un afloramento granítico con pouco desenvolvemento en altura, curvas dimensionais aproximadas de 6,70 m. (norte-sur) e 5 m. (leste-oeste).
Con sección transversal de sucos en "V", o conxunto está formado por dúas series.
Un conxunto por oito motivos circulares concéntricos simples, o primeiro, anal concéntrico con casaleira central, o segundo, con tres aneis e casaleira central, o terceiro, con tres aneis e casaleira central, o cuarto, anal concéntrico con casaleira central, o quinto, anal concéntrico con casaleira central, o sexto, con tres aneis e casaleira central e dúas máis sobre os seus aneis, o sétimo, con dous aneis e casaleira central, e o oitavo, con tres aneis, casaleira central e radio en dirección sur.
Outro, configurado por catro motivos integrados por dúas casaleiras unidas por un trazo rectilíneo.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado por unanimidade coas condicións e nos termos establecidos pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
de data **03 OUT. 2007**
O xefe do servizo de Patrimonio Urbanístico
Rafael Fariña Gómez Rielo

297 de 401

